

NAIS E AVOAS – Pauliña

Seica non hai que ir tan lonxe
seica pasa eiquí
que comezan a ter medo
se colgámolo mandil

Nos rebeldes e insubmisas
imos mudando co tempo
tanta lei conservadora
que nos quixo oprimir.

É polas nais, polas avoas
seguimos sendo as loitadoras.

É polas nais, polas avoas
seguimos sendo as loitadoras.

É inmoral o discutir
se no meu corpo non podo decidir
e somos máis! Iso está ben!
se concienciando f'anse as ganas de comer

Conta a lenda, que eramos meigas
por non dicir traidoras e mentireiras.

Préndede lume! Na actualidade!

Que desta volta imos todas pa fogueira

É polas nais, polas avoas
seguimos sendo as loitadoras.

É polas nais, polas avoas
seguimos sendo as loitadoras.

É polas nais, polas avoas
seguimos sendo as loitadoras.

É polas nais, polas avoas
seguimos sendo as loitadoras.

É polas nais, polas avoas
seguimos sendo as loitadoras.

É polas nais, polas avoas
seguimos sendo as loitadoras.



@amaxiadeaprender



NAIS E AVOAS - Actividades



1. “É polas nais, polas avoas, seguimos sendo as loitadoras”, que pensas que quere dicir este verso da canción, a que se refire?

2. É o verso, “que comezan a ter medo, se colgámolo mandil”, a que pode referirse?

3. Cal cres que é a mensaxe desta canción?

4. Busca todas as contraccións que atopas na letra e arrodeáas.

5. Busca no dicionario o significado das seguintes palabras.

★ Oprimir: _____

★ Concienciar: _____

★ Rebeldes: _____

★ Insubmisas: _____

